

PROGRAMACIÓN DE AULA PARA 2ºESO (3ª AVALIACIÓN) Temas 9-10-11-12

I. TRABALLO E ACTITUDE NA AULA

(Libro de Apoio: *Lingua Galega e Literatura 2*. Edicións Xerais de Galicia)

1. Repaso do visto ao longo do 2º trimestre.
2. Comunicación oral: Comentarios críticos orais sobre mensaxes dos medios de comunicación.
3. Comunicación escrita: Comentarios críticos escritos sobre artigos dos xornais.
4. Funcionamento da lingua: Ortografía Léxico Gramática
5. Lingua e sociedade: Dúas linguas nunha sociedade. Os prexuízos lingüísticos.
6. Educación literaria: Literalúdica. Textos poéticos e dramáticos

II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A CULTURA GALEGA (PTIC)

(A súa Cualificación suporá 20% da nota global do trimestre, é dicir, até 2 puntos sobre 10)

TÍTULO: *As Nosas Letras: 17 de maio, Día das Letras Galegas*

Refraneiro: abril, maio, xuño

1. Elaboración dun tema partindo dos resumos feitos de artigos da prensa cotiá e das páxinas web indicadas polo docente.
2. Realización dun traballo mediante o uso das TIC que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TIC

DATAS: Entrega: última semana de Maio. Exposición: primeira semana de Xuño.

III. LECTURAS (PL)

(A súa Cualificación suporá 10% da nota global do trimestre, é dicir, até 1 puntos sobre 10)

1ª Lectura: *Pendente autor/a*

DATA: Finalizadas: última semana de Maio.

Outras Lecturas: Realizadas as lecturas requeridas polo profesor/a, o alumno/a escollerá libremente outra/as da listaxe que figura nesta programación. Ao longo do trimestre o alumno/a irá realizando as lecturas voluntarias que estime oportunas e dará conta delas a través dos seus comentarios depositados no *Blogue* do grupo-clase ou ben a través dos informes enviados ao enderezo electrónico do profesor/a. (PL) (PTIC)

IV. EXAME

(A súa Cualificación suporá 70% da nota global do trimestre, é dicir, até 7 puntos sobre 10)

As probas que se realicen serán sobre os contidos do libro e as actividades realizadas durante o trimestre